

Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Expediente IET: P-20-218
Proxecto: Parque Eólico Rodeira
Concello: Vila de Cruces (Pontevedra)
Promotor: Green Capital Power SL.

Con data 17/11/2022 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra achega ao Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación adicional relativa ao informe sobre o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial do parque eólico Rodeira, aos efectos de mostrar a conformidade ou reparos a dita contestación.

O 28/10/2022 o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística sobre o proxecto do parque eólico Rodeira; nesa mesma data emitiu informe sobre o correspondente proxecto de interese autonómico (PIA).

No informe emitido establecéronse unha serie de medidas adicionais para a integración paisaxística, pero se indicou expresamente que non sería necesario solicitar un novo informe do IET.

O escrito achegado consiste nunha contestación da empresa promotora do parque eólico, na que se detallan as medidas adicionais que se establecerán, consonte co informe do IET do 28/10/2022.

As citadas medidas corresponden coas indicacións do informe do IET do 28/10/2022, polo que se consideran conformes.

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Na data da sinatura electrónica

